



# CONCELLO DE SANTA COMBA

*Terra de Xallas*

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tlfs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716  
Web: [www.santacomba.es](http://www.santacomba.es) eMail: [correo@santacomba.dicoruna.es](mailto:correo@santacomba.dicoruna.es)

## **BASES DO CONCURSO DE POSTRES DE ENTROIDO 2019**

-As bases polas que se rexerá o Concurso de Postres de Entroido Santa Comba 2019 son as seguintes:

### **PRIMEIRA:**

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen. Poderan inscribirse o mesmo día do Concurso no recinto feiral, durante a Festa Infantil de Entroido, ata 15 minutos antes de comezar o Concurso, ou con anterioridade, no tf. 981 81 87 10.

### **SEGUNDA:**

O concurso terá lugar no Recinto Feiral de Santa Comba.

### **TERCEIRA:**

O Concurso de “Postres de Entroido Santa Comba 2019” terá lugar o domingo día 3 de marzo ás entre as 17 horas, e as 18:15h. Poderanse presentar postres ata as 17:00h.

### **CUARTA:**

Queda establecida unha única categoría (de contar cun número mínimo de participantes, a criterio da organización) . Os /as participantes poden presentar unha ou varias racións da súa elaboración para o concurso.

### **QUINTA:**

#### **PREMIOS**

#### **1ª CATEGORÍA**

|          |                        |
|----------|------------------------|
| 1º ..... | Vale de compra de 200€ |
| 2º ..... | Vale de compra de 150€ |
| 3º ..... | Vale de compra de 100€ |

Os premios deberán gastarse nos establecementos do municipio que estableza a organización . Os gañadores deberán porse en contacto co Concello antes de gastar os vales para saber se o establecemento colabora neste programa.

A organización resérvase o dereito de deixar deserto algún dos premios ou categorías.

**\* Os/ganadores/as deberán recoller o seu premio ANTES DO 3 DE ABRIL DE 2019 (PRAZO DE 1 MES)**

### **SEXTA:**

O xurado encargado de outorgar os premios estará composto por:

-2 persoas da organización da Festa infantil.

-2 membros do departamento de eventos do concello de Santa Comba ( ou do departamento municipal no que deleguen).



# CONCELLO DE SANTA COMBA

*Terra de Xallas*

---

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tlfs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716  
Web: [www.santacomba.es](http://www.santacomba.es) eMail: [correo@santacomba.dicoruna.es](mailto:correo@santacomba.dicoruna.es)

No concurso teranse en conta, a orixinalidade, a vistosidade, o sabor, valorándose en maior medida a cuidada elaboración e presentación.. Poderase declarar deserto calquera premio se a xuízo do propio xurado non se reúnen os méritos suficientes, así como conceder ácesits pola orixinalidade e traballo na elaboración do postre.

## **SÉTIMA:**

A entrega de premios realizarase unha vez rematado o concurso.

## **OITAVA:**

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por parte dos concursantes das presentes bases.

Santa Comba a 26 de febreiro de 2019.